

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y LA ESCUELA SUPERIOR DE ENFERMERÍA DR. JOSE TIMOTEO MONTALVAO MACHADO (CHAVES) PARA LA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ESTUDIANTES DE ENFERMERÍA, EN LOS CENTROS SANITARIOS DE LA ESTRUCTURA DE GESTIÓN INTEGRADA DE ORENSE, VERÍN Y EL BARCO DE VALDEORRAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa ESCOLA SUPERIOR DE ENFERMARÍA DR. JOSÉ TIMOTEO MONTALVAO MACHADO o instrumento convencional arriba referido con vixencia dun ano a contar dende o día seguinte o da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que que o Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras, facilite ao alumnado da Escola Superior de Enfermería José Timoteo Montalvao Machado, a realización das prácticas tuteladas, nos Servizos e Programas por ela desenvoltos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

O Convenio regula as condicións que deben darse para facilitar ao alumnado da Escola Superior de Enfermería José Timoteo Montalvao Machado (CHAVES), a realización de prácticas tuteladas nos centros sanitarios da Estrutura de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras, coa finalidade de completar a formación dos estudantes da Escola Superior de Enfermería.

A colaboración, ten como fin orientar ao alumnado na realización da prácticas, confiándolle a estes as tarefas e actividades que quedan implícitas nos contidos das asignaturas, para perfeccionalos e adecualos a elas, ou no seu caso, coas liñas de traballo marcadas e aceptadas polo alumno.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 8 de febreiro de 2017.